

VIVIR NO ATLÁNTICO NORTE: EXEMPLO DE APROVEITAMENTO DIDÁCTICO DUNHA EXPOSICIÓN

Ana Estévez Lavandeira
Isabel Méndez Lojo
Museo do Pobo Galego

Resumo

O feito de que *Vivir no Atlántico Norte* fose a única exposición itinerante organizada conxuntamente por tres das Cidades Europeas da Cultura do ano 2000 amosa dun xeito moi significativo a complexidade do proxecto. Dende o comezo desta andaina, o Museo do Pobo Galego considerou fundamental potenciar o carácter didáctico da mostra e coidar tódolos aspectos do programa educativo paralelo: publicacións, deseño e elaboración de módulos, formación do persoal,.... O esforzo realizado, que pretendemos recoller neste artigo de forma descritiva, atopou unha destacada acollida por parte dos centros escolares, que tiveron a oportunidade de poñerse en contacto cos saberes e técnicas do noso patrimonio pesqueiro. A orixinalidade do proxecto e do programa educativo mereceron a valoración positiva dos visitantes, reflectida no libro de comentarios, dos que cómpre entresacar aqueles que sinalan como a mostra avivou a admiración e recoñecemento cara o traballo no mar e quen o leva a cabo.

Palabras clave: *Vivir no Atlántico Norte*, Museo do Pobo Galego, patrimonio pesqueiro, programa educativo

Abstract

Living on the North Atlantic was the only touring exhibition jointly organised by three of the Cultural Cities for the year 2000: Bergen, Reykjavik and Santiago de Compostela. The educational side of the exhibition was identified as important at the outset, and all educational materials and resources were thoroughly prepared. This article will explain the education programme and how it was received by school groups, who found out more about our fishing background.

The originality of the whole project was appreciated by the visitors, as it could be seen in the comments book, where people indicated that they valued maritime industry more highly after visiting the exhibition.

Keywords: *Living on the North Atlantic*, Museo do Pobo Galego, maritime industry, fishing background, education programme

1. Introducción

Debido ó especial significado do ano 2000, o Consello de Ministros de Cultura da Unión Europea designou nove Cidades Europeas da Cultura:

Avignon, Bergen, Bolonia, Bruxelas, Helsinki, Cracovia, Praga, Santiago de Compostela e Reykjavik. Esta Capitalidade Cultural compartida favoreceu a coordinación de programas e proxectos comúns. Nesta liña de colaboración, a cidade de Reykjavik propuxo en 1997 a realización dunha mostra itinerante en torno ó Atlántico Norte como espacio compartido e ás relacións económicas, culturais e pesqueiras establecidas polos habitantes desta longa e común fachada.



Vista da sección islandesa da exposición

En 1998, Bergen retoma esta idea dentro do seu programa “Costa e rutas Marítimas”, centrando o tema da exposición unicamente nos aspectos relacionados coa pesca. A cidade de Santiago acordou entón participar na exposición e encomendou o proxecto ó Museo do Pobo Galego, como centro recoñecido pola Xunta como sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicas de Galicia.

A materialización da exposición foi asumida por cinco Museos: en representación de Bergen, os Museos Hanseático, Marítimo de Øygarden e Noruegués da Pesca; por parte de Reykjavik, o Museo de Reykjavik; en Santiago de Compostela, o Museo do Pobo Galego. En 1999, definidas as liñas xerais da exposición, o Museo Marítimo da illa francesa de Tatihou solicitou a súa incorporación ó proxecto, o que foi aceptado por unanimidade.


A partir dese ano iniciáronse os labores de coordinación, redacción, tradución de textos, busca de documentación fotográfica e pezas. Os problemas suscitados polo carácter internacional do proxecto resolvéronse homoxeneizando formatos, materiais e idiomas. Neste último caso, escolleuse o inglés como lingua común xunto ó idioma oficial de cada país.

Paralelamente ó traballo propio da mostra, desde os primeiros momentos de xestión da exposición considerouse que esta debía ir acompañada por un catálogo que recollera as relacións históricas e as tradicións pesqueiras destes catro países.

2. Execución

Como resultado da planificación establecida, Santiago responsabilizouse da preparación (recolendo as contribucións dos demais participantes) da parte introductoria da exposición, na que tratou de reflectir os principais elementos que teñen en común as catro rexións marítimas participantes, todo elo baixo o título de “Unha herdanza en común”. Aquí se abordaron temas como o comercio, as peregrinacións ou a pesca como factores que a través da historia uniron ás cidades participantes.

Na segunda parte da exposición, co obxectivo de amosar a tradición pesqueira de cada un dos catro participantes, Santiago escolleu unha presentación articulada en torno a tres momentos clave na pesquería galega: “Unha longa tradición pesqueira”, “A gran transformación” e “Mares de dentro, mares de fóra”. A intención era reflectir as tres grandes etapas da historia pesqueira de Galicia e analizar os cambios na actividade extractiva, as industrias creadas ou desenvolvidas ó seu abeiro, as transformacións sociais consecuencia do anterior, etc... Cada unha delas estaba formada por textos, fotografías, mapas, esquemas e pezas (unha embarcación característica das rías, maquetas, artes de marisqueo, latas de conserva, reproducións de indumentarias tradicionais...).



Dorna construída expresamente para a sección galega da mostra
Vivir no Atlántico Norte

A parte final da exposición, centrada en temas de gran actualidade, como os recursos mariños, a súa xestión e a contaminación dos océanos, correu a cargo do Instituto de Investigacións Mariñas de Islandia, con contribucións galegas relativas ás poboacións de peixes, os conflitos no mar e a acuicultura.

As pezas que ilustraron esta sección foron cedidas en préstamo polo Centro Oceanográfico de Vigo, dependente do Instituto Español de Oceanografía.

Vivir no Atlántico Norte iniciou a súa andaina en Reykjavik (primavera de 2000), a continuación viaxou a Bergen no verán, e inaugurouse no Museo do Pobo Galego o 30 de setembro. A vida da exposición prolongábase no Museo Marítimo de Tatihou ata o verán de 2001.

3. Programa didáctico

A mostra contou cun programa didáctico dirixido ós grupos de escolares. Dito programa naceu de dúas experiencias previas que resultaron de gran interese para os comisarios galegos da exposición: por un lado, a do Museo do Pobo Galego, que conta desde 1990 cun servizo específico, o Departamento de Educación e Acción Cultural (DEAC), para o aproveitamento e a divulgación dos seus contidos entre o público non especializado. Por outro lado, o traballo realizado pola Aula do Mar do Concello de Vigo, amosando ós estudantes, dunha forma lúdica, o patrimonio náutico e pesqueiro de Galicia.


A partir destas dúas experiencias, elaborouse un proxecto de aproveitamento didáctico da exposición deseñado en función do currículo escolar, xa que os contidos informativos de *Vivir no Atlántico Norte* en torno á relación do home co mar ó longo da Costa Atlántica se adaptaban moi ben ós plans de estudo do Ensino Secundario Obrigatorio nas áreas de ciencias da natureza e xeografía, historia e ciencias sociais.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o currículo da E.S.O. establece, entre as finalidades da área de ciencias da natureza, favorecer a adquisición de conceptos para comprender a realidade natural e facer reflexionar ós alumnos sobre o papel do ser humano na transformación do seu entorno. En canto ás actitudes, recomenda o desenvolvemento da curiosidade e o interese por todo o relativo ó medio e á súa conservación.

Na área de xeografía, historia e ciencias sociais, dentro do eixe de espacio e sociedade, entre os contidos conceptuais propostos no punto 6.4.4. contéplanse a explotación e movemento dos recursos, a problemática do mundo mariñeiro en Galicia e os problemas de degradación ambiental. O cambio e a continuidade a través do tempo de aspectos significativos da vida humana, como a política, a economía e a alimentación así como a consolidación da industria conserveira como factor de modernización de Galicia son outros contidos desta área que se recolleron no programa de aproveitamento didáctico da exposición.

No que se refire ás actitudes, a mostra fomentaba a curiosidade por indagar a orixe das tensións e conflitos entre países pesqueiros, así como da capacidade crítica dos rapaces ante a explotación intensiva do medio mariño

favorecida polo desenvolvemento tecnolóxico e as innovacións técnicas. En consecuencia, destacou a valoración dos recursos como un ben a protexer e a defensa do medio como configurador da calidade de vida das persoas.



As maquetas reforzaban o carácter didáctico da exposición

Aínda que a visita a unha exposición é en si mesma unha actividade educativa, esta dimensión pódese ampliar, potenciar e orientar en función dos obxectivos que se pretendan alcanzar. Neste caso concreto, intentouse que os rapaces e rapazas profundizaran nunha parte do noso patrimonio natural e histórico e participaran activamente no respecto e a conservación dos mesmos. Tamén, e tendo en conta que a exposición estaba configurada pola historia pesqueira de catro países, deuse o marco propicio para a análise comparativa de procesos de cambio histórico afastados no espazo e no tempo, buscando analogías e contrastes, e á súa vez, procurouse o respecto por culturas distintas valorando a pluralidade como elemento enriquecedor da existencia colectiva da nosa sociedade.

Para atender a todos estes aspectos, parecía indicado que o programa didáctico non se reducira a unha visita cun itinerario prefixado e apoiado polas explicacións dun monitor senón que contara con outras actividades

previas e posteriores ó desenvolvemento da mesma. Deste xeito, o programa artellouse nas seguintes partes:

- Antes da visita, co traballo do profesor na aula a partir dun resumo dos contidos da exposición e de dúas unidades didácticas, unha sobre o medio mariño e outra sobre as embarcacións e artes de pesca. Este material pretendía achegar unha ferramenta de traballo para apoiar o labor docente, proporcionando información sobre o noso litoral dende unha triple perspectiva: humana, histórica e ambiental.
- Visita dirixida por persoal cualificado adaptando os contidos tanto ó currículo escolar como ás características propias de cada grupo (idade, procedencia, número de alumnos por curso,...)
- Un obradoiro con actividades de motivación e consolidación para facer un repaso ós contidos conceptuais presentados tanto na aula como na exposición, subliñando, coa axuda dunha metodoloxía axeitada, os principios de educación ambiental, entendendo esta non só como o coñecemento do entorno físico senón como a consecución de comportamentos responsables co mesmo.

Os obradoiros didácticos dividíronse en tres bloques interrelacionados, cada un deles constituído por varios módulos relacionados cos saberes e técnicas do noso patrimonio náutico e pesqueiro:

1) Embarcacións: tipoloxía e evolución

- Manexo do sebeiro: o módulo simulaba un fondo mariño con distintos tipos de substrato. Introducindo o sebeiro por uns buratos, os alumnos comprobaban o tipo de fondo e relacionábanos cos datos que viran anteriormente sobre profundidade, tipo de pesca,...
- Sistemas de propulsión tradicional: este módulo constaba dunha bancada con remos de traíña, gamela e dorna e un mastro con carlinga, verga, vara de portar e vela mística a un tercio do tamaño real. Os alumnos experimentaban a navegación sen motor, as diferencias entre os distintos tipos de remos e a súa relación con leis físicas como a da panca, así como a simulación da navegación a vela e a funcionalidade segundo os ventos.
- Decoración máxica dos barcos: para entender unha cultura como a mariñeira non é suficiente con falar de técnicas de explotación ou dos seus elementos materiais. O carácter espiritual ten que formar parte do estudio ou coñecemento da mesma, para o cal, neste caso a partir da decoración dos barcos, tratábanse os diferentes ritos propiciatorios da pesca, a heráldica mariñeira e as forzas máxicas.

2) Técnicas de pesca e marisqueo

- Fiska: simulouse un fondo areoso no que se enterraron uns peixes de cartón pluma. Estes ían atados a un cordel tamén enterrado. Uns



Os participantes no obradoiro comprobaban que remar en equipo non é tan doado

alumnos debían mover os peixes mediante o cordel mentres outros trataban de collelos coas figas tratando de non moverse, como se se encontrasen na cuberta dun barco.

- Artes perigosas: na parte superior dun caixón de metacrilato colocáronse unhas guías para dirixir a maqueta dun barco arrastrando un “can” (rastros de grandes dimensións movido por unha embarcación, de uso prohibido na actualidade). No interior do caixón, area e algas simulaban un fondo mariño no que se podían comprobar os efectos desta arte, de maneira que os alumnos entenderan o destructiva que pode chegar a ser. Con este módulo introducíase o tema do equilibrio mariño e a necesidade de explotación racional e controlada do mesmo.
- Pesca artesanal con cana: simulando o mar con plástico e con diferentes especies de peixes realizadas en papel plastificado, os alumnos tiñan que pescar con pequenas canas. O peixe conseguido acumulábase en cestas e, pasado o tempo que o monitor establecía, comezaba a clasificación por especies, rexeitando aquelas que non eran comerciais ou que non acadaban o tamaño mínimo permitido.

3) Bioloxía e comportamento das especies comerciais

- Cativos non, gracias: os peixes, crustáceos, moluscos e cefalópodos plastificados e a escala real pescados anteriormente medíanse con medidores feitos de madeira para determinar se o seu tamaño era comercial ou non.
- ¿Quen vive aquí? : nun caixón con fondos de area, rochas e algas encontrábanse pegadas e sinais da presenza de determinados animais. Aquí os alumnos comprobaban como, observando eses sinais, os pescadores e mariñeiros extraían conclusións útiles para o seu traballo.
- Ardora: simulouse o fenómeno da luminescencia nun caixón hermético no que con modelos de peixes abisais e luz negra podía observarse este fenómeno e relacionalo cos sistemas de pesca de ardora.

Para poder obter con antelación o material de apoio, a participación no programa esixía a previa solicitude da mesma ó DEAC do Museo do Pobo Galego. Para facilitar a información, realizouse un envío por correo a todos os centros escolares galegos dando conta da exposición e as actividades didácticas. Os anuncios e reportaxes en medios de comunicación incluían tamén información sobre o programa de aproveitamento didáctico de *Vivir no Atlántico Norte*. Para acadar os obxectivos previstos, houbo que limitar o número de participantes por grupo e, en consecuencia, o número de grupos por día.

4. Valoración

Uno dos principais aspectos que caracterizaron a exposición desde o punto de vista de Santiago foi o feito de ter tratado de escapar desde o principio da simple presentación de obxectos xa existentes na entidade encargada da organización, é dicir, o Museo do Pobo Galego. A exposición pretendeu presentar a máis ampla panorámica posible dunha historia moi rica e variada, que ata ese momento non mostrara toda a súa diversidade en ningunha institución das existentes en Galicia. Por elo, e a pesar de que o Museo do Pobo Galego, como centro que intenta proporcionar un compendio da diversidade cultural de Galicia, conta entre as súas salas cunha excelente dedicada ó Mar, acordouse realizar un esforzo para ampliar o abano de obxectos e potenciar o carácter didáctico da exposición, tanto recorrendo ó encargo de maquetas e outras pezas *ex profeso* (entre elas unha dorna, embarcación tradicional de Galicia) como a pezas propiedade doutras institucións co fin de facelas partícipes deste proxecto internacional e dar a coñecer os seus fondos ó público. A petición de colaboración atopou un amplo e positivo eco entre empresas e institucións, que cederon diversos elementos para expoñer ou incluír no catálogo. Participaron, entre outros, estaleiros, empresas do sector da conserva e os conxelados, de fabricación de envases e metalmecánica, asociacións e institucións, centros de investigación e ensino.



Reproducción dun antigo salgadoiro de sardiña, moi común na costa galega no século XIX

Un dos resultados máis interesantes do proceso de preparación da exposición foi precisamente esa cooperación entre o Museo do Pobo Galego e as empresas, que permitiu ter acceso a pezas, fotografías e outros materiais, moitas veces non suficientemente valorados nin coñecidos, sequera polos seus propietarios. Gracias a *Vivir no Atlántico Norte* saíron á luz, procedentes de sotos e almacéns, arquivos non utilizados, fotografías inéditas e incluso unha das máis antigas películas de tema pesqueiro-industrial rodada en España. Trátase dun documental de José Gil, o principal pioneiro do cine en Galicia no primeiro tercio do século XX, que recolle diversas imaxes da actividade das empresas viguesas *La Artística* e *Alonarti*, dedicadas á produción de envases, maquinaria para a industria conserveira, litografado... así como numerosas escenas sobre a cidade e as actividades pesqueiras. A cinta foi restaurada polo Centro Galego de Artes da Imaxe e estreada no Museo do Pobo Galego durante o período de permanencia da exposición.

Por outra parte, o catálogo de *Vivir no Atlántico Norte* converteuse nunha obra de consulta imprescindible para todos aqueles interesados polos temas pesqueiros. A importancia deste catálogo, editado xa en galego, castelán, inglés, noruegués, islandés e francés, radica en que recolle estudos e fotografías que ilustran as diferentes pescas, e permite ter acceso por primeira

vez en galego ou castelán a información relativa á pesca norueguesa, islandesa ou francesa.

Finalmente, o libro de comentarios posto a disposición dos visitantes reflectiu a valoración positiva suscitada pola exposición no que se refire á súa orixinalidade, deseño e pezas presentadas, así como ó programa educativo e á recuperación da película de José Gil. Queremos facer fincapé naqueles comentarios que sinalan como os contidos da mostra espertaron no público a admiración e o recoñecemento cara o traballo no mar e quen o leva a cabo.